

# Bloque

## Cedeira

XANEIRO 2014



## INFORMA


Comezamos o ano e herdamos alcalde. Fíxose realidade o que tanto se rumoreaba nas últimas eleccións municipais: “Leopoldo, o sempre candidato do PP, preséntase para cederlle o posto ao seu irmán”. Repetirán a xogada nas próximas municipais?

No que levamos de legislatura, o goberno do PP no noso Concello caracterizouse polo abuso da súa maioría absoluta, non escoitar a nadie e gobernar de espaldas á cidadanía. Neste ano ademais están a especializarse en lanzar titulares á prensa valeiros de contido, **queren vendernos fume!**

Hai unhas semanas puidemos ler o seguinte titular na prensa : “**A primeira fase do centro de día de Cedeira costará uns 150.000 €**”, por si houbo alguén que pensou que o goberno municipal ía a comezar as obras para un centro de día, que saibades que nada máis lonxe da verdade.

No pleno celebrado o 29 de xaneiro de 2014, o BNG preguntámoslle ao goberno municipal de que centro de día estaban a falar, e que sorpresa!, non hai ningún previsto pero si contamos unicamente coa vontade de querer facelo, **a noticia referíase á vontade non á realidade.**

Como se pode tomarlle o pelo así á xente con **titulares falsos** e en relación a un centro de día, tan necesario e có que xa deberíamos contar no noso Concello?



**A desfeita da praia**, o BNG levamos dende o principio da legislatura instando ao goberno municipal popular a que actúe, mediante as institucións preceptivas, para buscar unha solución para o problema da praia. Sempre o eludiron, non é competencia do Concello, e Costas quen ten que actuar, chegaron a dicirnos que esaxerábamos que o talúd da praia non era para tanto. Nós sabemos como calquera que aínda que non sexa o Concello quen ten as competencias, si é o goberno municipal o que ten que traballar ante quen corresponda para intentar solucionar o problema, non teñen excusas e menos aínda cando tanto o goberno do Estado como o da Xunta e a Deputación están en mans do PP. O único que hai é que querer traballar e facer as cousas ben, contando con todo o mundo, elaborando un proxecto de impacto ambiental e non facendo todo tarde, mal e a rastro.

Que pasa coa depuradora, por que de vez en cando aparecen polo río excrementos?

No centro de saúde hai goteiras, **que hai do centro de saúde novo?** Ao parecer aínda están buscando ubicación, levan dous anos co mesmo, atoparana algún día?

O goberno municipal acaba de anunciar no BOP a convocatoria dunha bolsa de traballo de contratacións temporais para auxiliares de axuda no fogar, un dos requisitos imprescindibles para anotarse na mesma é ter realizado un curso de certificación destes traballos. O BNG volvimos a insistir neste último pleno outra vez no mesmo, levamos coa mesma teima tamén dende o principio da legislatura, organicen cursos, pensen na cantidade de parados que temos no noso pobo, traballen, fagan algo polos seus veciños! Que ademais é a súa obriga e non nos teñan en conta só para pagar impostos!

**Por certo as obras realizadas no novo local de maiores (baixo alugado da praza Roxa) superaron, segundo facturas do mes de outubro, novembro e decembro do 2013, os 12.000 €.**